

Con Roser Capdevila en Compostela

Marta Neira Rodríguez

Roser Capdevila, a autora da serie literaria e audiovisual *Les tres bessones* (*As tres xemelgas*), participou no I Curso de Formación Continua “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora. Cinema e literatura” que se realizou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela no mes de setembro do ano 2004.

261

Roser Capdevila (Barcelona, 1939) naceu no seo dunha familia amante da cultura e das artes plásticas. Estudou Belas Artes na escola Massana de Barcelona. Dende 1980 dedícase a escribir e ilustrar libros, preferentemente infantís. Paralelamente, e dende o ano 1990, colabora coa produtora Cromosoma na serie de debuxos *Les tres bessones*, personaxes que seguen aparecendo en formato libro en varias coleccións e que están inspiradas nas súas tres fillas, Teresa, Anna e Helena. A divulgación internacional conseguiu que os seus libros poidan atoparse nas librarías de todo o mundo e que a súa obra se traducise do catalán, a súa lingua materna, a todas as linguas maioritarias. Ademais, escribiu e debuxou para empresas editoriais de Francia, Alemaña, Austria, Italia, Canadá, Bélxica, Países Escandinavos ou Xapón. A súa extensa bibliografía comprende máis de trescentos títulos en todo o mundo. Conta no seu haber con varios premios, entre eles, o Premio de Ilustración da Generalitat de Cataluña 1984; o Premio Möebius 1997; o Premio Nacional do Audiovisual 1999; o Premio da Comunicación Ángel de Bronce 2001. Ademais foi designada candidata española ao Premio Andersen de Ilustración en 1998.

A estrutura argumental da serie *Les tres bessones* baséase na relación das tres nenas coa Bruxa Aburrida, unha personaxe máxica que se divirte perseguíndoas e enfastiándoas. En cada capítulo, as tres xemelgas fan algunha trasnada e a Bruxa Aburrida “castígaas”, enviándoas ao interior dun conto tradicional, lenda ou obra da literatura universal.

A serie é unha coprodución da produtora Cromosoma e Televisió de Catalunya, realizada en Barcelona, que se iniciou en 1994 e na que traballa un equipo de profesionais formado por unhas duascenas personas. Naceu a partir dos personaxes da colección de libros, editada en 1983 por Planeta e que despois aparecería en España, Francia, Arxentina, Alemaña, Gran Bretaña, Estados Unidos, Finlandia, Suecia, Xapón, Grecia, Islandia e Turquía. Na actualidade a serie chega a máis de cento trinta e nove países en trinta e tres linguas diferentes.

As tres xemelgas teñen o seu propio espazo na internet <<http://www.lastresmellizas.com>>, tamén en catalán e inglés, para que os nenos e nenas de todo o mundo se comuniquen entre eles. Cunha media de dous millóns de visitas mensuais, hai xogos, postais virtuais, unha ciberrevista mensual e un buzón de correo persoal e gratuíto.

262

A ilustradora catalá comezou a súa intervención presentando un ameno e divertido repaso pola súa biografía apoiándose nun libro animado no que, recorrendo á ilustración e ao relato de diversas anécdotas, foi explicando a súa traxectoria vital dende a súa infancia até a súa madurez, deténdose especialmente no seu carácter rebelde cando nena, no tempo que pasou na escola coa súa mestra –na que se inspirou para crear a personaxe da bruxa aburrida–, ou no momento no que lle anunciaron que ía ser nai de xemelgas e as dificultades que iso supuxo naquel tempo. Tras desta autobiografía ilustrada, proxectáronse dous capítulos da serie de debuxos animados *Les tres bessones* (*As tres xemelgas*): “A cigarra e a formiga” e “A vida de Van Gogh”. Tras a proxección estableceuse un coloquio entre o público asistente que a seguir se reproduce.

Pregunta: *¿Como é o proceso de realización dos debuxos animados dende que se ten a idea do episodio até que o público pode ver o resultado en comparación co proceso de elaboración do libro, que quizais é máis coñecido?*

Resposta: O proceso do debuxo animado é moi distinto ao do libro. En primeiro lugar hai uns guionistas especializados en animación que coñecen á perfección o seu traballo e as peculiaridades especiais que posúe o proceso. Por exemplo, a súa rapidez ou a necesidade de inserir gags constantemente. Cómpre un intenso traballo para conseguir o movemento. O que nun conto consegue explicarse en dez ilustracións, tradúcese nunha serie de trece debuxos por segundo para un episodio de animación que ten unha duración de media hora.

Na produtora Cromosoma contamos cun equipo de guionistas excelentes. Así pois, o traballo comeza cunha reunión de traballo cos guionistas. Eulalia Sirera, que é a encargada dos contidos, e mais eu decidimos que personaxes poderíamos facer, que temas poderíamos tocar, en que país os poderíamos situar, etc. Os guionistas escriben o guión e este pasa a Eulalia e logo a min. Eu fago os “módels”, que son os personaxes que saen en cada episodio (á parte das nenas e da bruxa, tamén personaxes novos), e a partir dos meus debuxos uns especialistas traballan con eles para darlles movemento. Eu fágoos de perfil, de cara e de costas e eles danlles a volta enteira con varios debuxos. Logo estes pasan a outros debuxantes, os animadores, que lles dan o movemento tendo en conta o “story board” que lles foi entregado de todo o guión. Os trece debuxos por segundo fanse todos a lapis e chegan así a Cromosoma onde os trasladan ao ordenador e lles dan cor. Antes non se contaba co ordenador e o proceso era moito máis complicado, pero agora, grazas ás novas tecnoloxías, faise deste xeito e as cores teñen un resultado final de gran calidade. Por separado fixéronse os fondos e, unha vez que todo está listo, mézúranse os fondos cos personaxes. Así se vai montando cada episodio. Todo iso que está contado rapidamente leva, dende que empezamos até que acabamos, tres ou catro meses de traballo para cada episodio. O que pasa é que van solapados e durante un ano podemos facer trece, catorce ou quince episodios. Así, máis ou menos, é o sistema de traballo. Naturalmente, hai tamén un bo equipo de músicos, de efectos especiais, de produción, de animación, etc. De feito, penso que o 50% do éxito dunha serie destas características reside no son e nas voces, pese que a min as voces que se escolleron non me acaban de convencer, porque penso que os debuxos animados sempre os dobran os mesmos, as voces son sempre as mesmas.

P: Aínda que actualmente a serie de animación se emite en moitos países e linguas do mundo, non está na pantalla na TVG. ¿A TVG non se ten interesado pola emisión dos episodios de Les tres bessones?

R: Pois si, de feito, a TVG mercou os trece primeiros episodios e emitíunos, pero despois non sei que sucedeu. A Euskal Telebista si os dobrou e a televisión de Valencia tamén. Non sei, quizais o problema estea en que os están emitindo actualmente pola segunda canle da televisión española en castelán e consideren que non terían audiencia pois xa se entenden. Creo que sería moi interesante que pasasen os capítulos en galego porque así tamén se poderían traducir os libros e chegarían a todos os nenos e nenas galegos. Non sei, só se pasaron trece e hai cento catro episodios. Supoño que non, a súa emisión non resultará rendíbel neste momento.

P: ¿Como comezou a ilustrar libros para o público infantil? ¿E que tivo máis aceptación: os libros ou a serie de Les tres bessones?

264

R: Para min o público infantil é o máis importante que existe. Traballar para el sempre foi o meu maior desexo e tamén a miña maior satisfacción. Aprendín moito dos nenos, aos que dediquei dez anos da miña vida dando clases e ensinándolles a debuxar, como unha forma de expresión e comunicación, e a amar os libros. Despois, cando tiveron ás xemelgas, en 1969, deixei o meu traballo. Facía estampados e outras cousas, continúei a debuxar e con tres nenas pequenas case tiveron que montar unha gardería na casa. Ao cabo dun tempo Mercé Company suxeríume facer unha colección de libros baseándonos nelas e dende aquela xa non parei de ilustrar contos.

Con respecto a que tivo máis aceptación, os libros ou a serie, non o sei, supoño que a serie influíu na venda de libros, xa que malia naceren as tres xemelgas en 1982 como un proxecto de papel, apoiadas pola editorial Planeta, o éxito conseguírono anos despois grazas á serie de televisión. Hai que ter en conta que os sistemas de visualización dos nenos e nenas teñen cambiado moitísimo e agora estamos claramente na época das pantallas. O meu neto de tres anos manexa o CD-Rom cunha rapidez que eu non teño, ¡e ten tres anos! Estes nenos naceron xa de cara ao ordenador. Por iso creo que é interesante darlles debuxos animados que a min me parecen dignos. E darlles sobre todo diversión, que non haxa violencia... pero, claro, tampouco demasiado educativos, porque para educar xa está

a escola. Non os quero facer antipedagóxicos, pero gústame darlles algo de marcha travesa.

Deseguido, a serie vendeuse a todo o mundo. Como curiosidade están dobradas ao árabe, aínda que as bruxas no Islam están prohibidas e alí a transformaron nunha avoa que voa nunha vasoira. Non quero nin saber como o cambiaron. Tamén están dobradas a iso que se chama o español neutro, con xiros propios de Latinoamérica.

Aínda así, creo que os libros sempre tiveron moi boa acollida. Non podo achegar datos exactos do que aconteceu no resto do Estado, pero en Cataluña e en Andalucía os libros acadaron un grande éxito. De feito, traducíronse decontado ao español e a outros moitos idiomas.

P: *Explicaba antes que a idea da creación da serie xurdiu a partir do referente real das súas fillas ¿Canto hai das súas fillas nas xemelgas de ficción?*

R: O único que respetei é o carácter de cada unha delas. Helena, por exemplo, sempre ten fame, sempre come, isto aos nenos e ás nenas encántalles; Anna é a máis doce e romántica, a que sempre acaba namorándose dos personaxes; e Teresa é a máis decidida. E na vida real, si, son así, aínda que agora xa son maiores. Cando empecei paráballas pola rúa, elas terían uns dez anos. Agora Teresa ten dous nenos e ningunha delas vive comigo pero gústalles moito. As tres son fans.

P: *Dicía antes que quizais o grande éxito que obtivo a serie televisiva influíu en que aumentasen as vendas dos libros. ¿Cales considera que son as diferenzas entre un e outro soporte? E, na súa opinión, ¿onde reside o segredo do éxito da serie, tendo en conta a oferta televisiva infantil que existe, con características ben diferentes ás que achega a serie As tres xemelgas e que aínda así se converteu nun referente televisivo?*

R: Quizais si que teña influído o éxito da serie na venda dos libros. De feito, creo que se a serie non existise a venda de libros acabaría diminuíndo notabelmente.

Con respecto ao segredo do éxito da serie, se son sincera é unha pregunta que non podo contestar porque non sei a resposta. Eu fun e sigo a ser a primeira sorprendida. Penso que influíron moitas cousas, entre elas,

o feito de que eu nacese xa cun lapis na man e que nunca puidese deixar de debuxar. Ou o meu carácter rebelde. Tamén o feito de ter unha mestra na escola como a que eu tiven, que era moi mala e moi aburrida e sempre me rompía os debuxos e me prohibía debuxar. Eu creo que daquela, a pequena Roser, lapis en man, xurou vinganza, e aquela malvada profesora voou logo polo mundo na súa vasoira co pseudónimo da Bruxa Aburrida. Despois creo que eu sempre fixen o que quixen, o que sentín dentro de min. O que teño na cabeza fágoos baixar por aquí, polo brazo, pola man, pola punta dos dedos e vai parar por riba do papel. Se non o teño antes aquí, na cabeza, non o podo soltar enriba do papel. Entón non sei que dicirche.

No referente aos meus libros, aos editores o que lles gustou sempre dos meus debuxos, porque así mo teñen dito en moitas ocasións, foi o traballo cos detalles, esa concepción do libro coma un xogo, susceptíbel de volver sempre a el, de ter a posibilidade de pasar as súas follas moitas veces, de poñelo debaixo da almofada... Esta é a gran diferenza entre a serie de televisión e os libros, pois os libros pódense levar a todas as partes e os nenos e nenas pódense deitar con eles, poden pasar de diante para atrás as follas. Aínda que os vídeos de hoxe en día tamén permiten avanzar ou retroceder a historia á vontade, cos libros sucede dun xeito distinto. É indiscutíbel que aos nenos e nenas failles moita máis compañía un libro que un episodio de televisión.

266

P: *¿Como xurdiu o detalle de incluír os personaxes dos tres ratiños que acompañan as nenas en cada unha das súas aventuras e aparecen nos capítulos da serie cun enfoque claramente humorístico?*

R: Os tres ratiños naceron cando comecei a colección de libros coa Editorial Planeta. Daquela, o editor insistía nesa concepción do libro coma un xogo que entretivese os nenos e nenas, ademais do feito de poder ler a historia ou que llela puidesen ler, porque ás veces o lectorado que se achega a estes libros é de curta idade e aínda non saben ler. A intención era que as imaxes estivesen cargadas de suxestións e así foi como xurdiu a idea de incluír os personaxes dos tres ratiños. A idea era conseguir que o lectorado se detivese en cada páxina do libro buscándoos, porque eu naturalmente na casa non tiña tres ratiños, só faltaba...

P: *O lapis adoita ser un obxecto que aparece case sempre integrado nos distintos episodios. Por exemplo, sae tamén no episodio “A cigarra e a formiga” que vimos de ver. ¿Ten o lapis algún significado especial para vostede?*

R: Dende moi pequena sempre me gustou debuxar e a miña forma de expresión fundamental é a través do lapis. Sempre conto que nacín co lapis na man e non podo recordar o momento no que empecei a debuxar, creo que o fixen sempre.

A pesar de todo o proceso informático que expliquei antes, o lapis segue sendo básico para desenvolver a miña profesión porque ademais, como xa dixen, os trece debuxos por segundo que constitúen a base de cada episodios, fágoos con el.

No episodio de “A cigarra e a formiga” si sae o lapis e é o meu, ademais todos os obxectos que aparecen son de pequeno tamaño. Por exemplo, a colcha coa que dorme a formiga é un código de barras dos que aparece en calquera produto, e as nenas dormen nunha caixa de mistos para dar esta sensación de redución de tamaño que as equipara aos insectos. Tiñamos que reducir as nenas porque se as faciamos de tamaño humano quedábanos todo moi descompensado. Entón decidimos facelo así.

267

P: *¿Emprega sempre o lapis en todos os seus traballos? ¿Nunca utiliza outras técnicas?*

R: No tema dos debuxos animados, os debuxos dos personaxes fágoos a lapis e despois, xa dixen antes, móvenos e danlles a volta para enviárllelos aos animadores. No resto dos traballos de ilustración que fago e dende hai uns cantos anos tamén emprego o ordenador, cun programa que se chama “Painter” e co “Photoshop”. Con eses dous programas podo debuxar e pintar. No programa “Painter”, ademais, hai un programa de acuarela que non parece feito con ordenador. Ten moita calidade. Ten unha calidade distinta á normal de ordenador, de tintas planas e moitas máis cousas. Aínda así, ¡tamén traballo a man, eh! De todos os xeitos xa non traballo tanto. Tiven que frear un pouco porque xa estaba algo farta. Fago cartelismo e cousas concretas que non me dan tanto traballo coma un libro.

P: *¿Cales son na súa opinión as vantaxes de traballar co ordenador?*

R: Son moitas pero tamén ten os seus inconvenientes. Cando se estraga ocasiona moitos problemas e perdes moito tempo. Nese sentido creo que non hai nada coma o lapis que nunca se estraga. O ordenador ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes pero en xeral está ben, axuda moito.

P: *Cando empezou cos debuxos, ¿pensou que tería o éxito que tivo?*

R: É un pouco o que dixen antes de que a primeira sorprendida son eu. Eu non pensaba isto cando empezamos a facer os debuxos animados alá polo ano noventa. Tardaron moito en saír os primeiros trece episodios, porque na televisión todo vai de trece en trece, mesmo os programas, e eu fun a primeira sorprendida porque levaron unhas probas á feira de Cannes, a máis importante de televisión, e os primeiros que picaron, que compraron, foron os islandeses. O primeiro país, antes que en Cataluña, que comprou as películas de *Les tres bessones* foi Islandia e non só isto senón que me invitaron e me levaron á televisión de alá, de Reiquiavik. Alí coñecín un país moi interesante no que coidan moito todos os contidos da programación infantil. Isto fíxome moita ilusión: ver que nun país onde poñen tanto coidado na emisión de contidos destinados aos nenos e nenas escollesen o meu traballo... Isto encheume de grande orgullo.

268

P: *¿Aínda non estaban rematados os trece primeiros capítulos cando foi a Islandia?*

R: Non, aínda non estaban rematados. Só existía un episodio piloto de proba que foi o que levaron á feira e os da televisión islandesa vírono, gustoulles e dixeron que compraban a serie enteira aínda que non estivese rematada e foi o primeiro país que a emitiu en televisión. Ademais, foi unha experiencia moi boa a de ir alá. O curioso é que aquí as dobraxes teñen que facerse con moitos actores e o sindicato dos dobradores é moi esixente. Alí, pola contra, con tres voces facíanlo todo. Unha para a bruxa, a nai e unha das nenas; outra para outra nena..., así a dobraban. Con tres persoas dobrábano todo. Facían as voces e moi ben. Está moi ben dobrado. Eu non sei o que dicían, pero soaba ben.

P: *¿Estivo sempre pendente de todo o proceso de creación dos episodios?*

R: Hai moitas cousas que se me escaparon porque é imposible controlar unha cousa así. Eu confiei moito nas persoas que tiña arredor. Traballei e traballo con bos profesionais, pero algunha vez cando vexo os episodios acabados tamén penso “¡Ai! ¡Que disparates, miña nai!”. Por exemplo: ás veces, fanse uns cantos planos en Filipinas, outros cantos en Madrid, outros cantos en Lisboa e despois, ao xuntar todo, ves que ás nenas se lles fan os brazos longos ou as orellas lles caen, etc. Isto sucede porque está animado en distintos sitios e isto a min ponme negra, pero bueno... Agora péreceme que os últimos capítulos se fixeron todos en Madrid. Este de Van Gogh que acabamos de ver creo que está ben feito e o da formiga tamén. Está feito en Madrid e outros no País Vasco. En Cataluña tamén se fai algunha cousa, pero máis en Madrid.

P: *¿Tivo algunhas críticas con respecto á “manipulación” ou a adaptación persoal que fixo do conto clásico “A cigarra e a formiga”?*

R: Os contos clásicos en xeral están supermanipulados porque non existe un autor dun conto clásico que o escribise. Eran historias que se transmitían oralmente de xeración en xeración, de país en país até que chegaron os escritores como Andersen ou os Grimm, que os pasaron á escrita e os recolleron nos seus libros. Aínda así, existen moitísimas versións de cada texto. Por exemplo, falando de “Carrapuchiña”, a Carrapuchiña igual a come o lobo que non a come; noutras versións o lobo come a avoa e noutras os cazadores matan o lobo. Existen tantas versións que os contos clásicos son xa patrimonio da humanidade e non de ninguén concreto. Polo tanto, non, nunca ninguén se me queixou. Ou se a alguén non lle gustou non mo dixo. Non sei. Quizais hai moitas persoas en contra, pero non mo dixeron.

En xeral, manipulamos moito o tema das obras literarias que empregamos na serie. Utilizamos elementos que ao público infantil lles resulten próximos e coñecidos co fin de insistir en aspectos que poida entender facilmente. No episodio de Carrapuchiña o noso lobo é vexetariano e non come nenas; Carrapuchiña vai en vespa porque ten moitas entrevistas na televisión... É dicir, démoslle a volta. O lobo é bo, ademais é unha especie protexida e vive nunha casa con televisor e todo.

Despois dos contos tradicionais comezamos a utilizar obras e personaxes universais da literatura como Romeo e Xulieta, don Quixote, e logo

personaxes como Marco Polo, Tom Sawyer ou Frankenstein... Por exemplo, no episodio de “Romeo e Xulieta”, para que os nenos e nenas entendasen o que é a rivalidade, en vez de pór os Capuletos e os Montescos, substituímos por dous fanáticos do fútbol pertencentes a dous equipos distintos que xogaban a un deporte chamado “o xogo da col” que consistía en que en vez de xogar cunha pelota xogaban cunha coliflor. Cada vez que tiraban á portería dicían “Col, col, col” e explicabamos que isto era o que se exclamaba na Idade Media e que tempo despois acabou dexenerrando na palabra “gol”. Daquela, si, fixemos unha manipulación pero o resultado quedou ben divertido.

P: *¿Que supuxo a dedicación ao seu traballo na serie de animación na súa vida? ¿O seu traballo na serie de animación implicou algún cambio na súa vida persoal, no seu xeito de traballar ou nalgún outro aspecto?*

R: Ben, inevitábelmente perdín moita liberdade, sobre todo no que respecta aos horarios de traballo e ao cambio de espazo e de costumes. Colaborar coa produtora supuxo que eu, que sempre traballara nun recunchiño da miña casa, na miña propia mesa de traballo, acompañada da miña música –sempre me gustou moito a música clásica– ou escoitando a radio, tivese que adaptarme a un horario como o dunha fábrica e pola mañá trasládome moi axiña á produtora. Aproveito para aclarar que a produtora non é miña como moitos pensan, que eu só son unha creativa, unha *freelance* nesa estrutura e cobro uns dereitos de antena. Ademais, supúxome unha tempada moi longa de traballo todas as mañás e todas as tardes e despois pola noite, xa na miña casa, facer novas ilustracións. Eu vivo nun décimo piso e dende el, malia vivir na cidade, vexo o mar, e alí construíronme unha pequena casa de madeira. É o meu mundo pequeniño de tres por tres metros, pero teño bastante. Só estou nese espazo cando non traballo nos debuxos animados, pois cando o fago todo se transforma nun labor tipo fábrica. Iso foi o que me supuxo o meu traballo: un pouco a perda da miña liberdade.

P: *¿E que repercusións familiares tivo esta mudanza? ¿Como ve a súa familia o seu traballo?*

R: Os meus netos moi ben porque ademais agora hai catro que teñen idade de gozar coas xemelgas. Eles son os meus mellores críticos. O

maior xa non tanto, xa ten nove anos e empeza a pasar un pouco máis das cousas, pero a todos lles gusta moito o que fago e son os meus fans. Deixei de visitar escolas porque chegou un momento que eran tantas as que tiña que visitar que non me daba tempo de traballar, de debuxar e agora xa non vou. Só vou ás dos meus netos unha vez ao ano.

P: *E de cara ao futuro, ¿cales son os seus proxectos? ¿Hai en proxecto algunha longametraxe sobre a serie de televisión?*

R: A verdade é que empezo a sentirme un pouco cansa. Consegún que os meus libros poidan atoparse nas librarías de todo o mundo e que a miña obra se traducise do catalán, a súa lingua materna, a todas as linguas maioritarias. ¡Xa illustrei 300 títulos! Agora o que máis desexo é poder estar cos meus netos, coa miña familia e cos meus amigos.

Pero de feito si, está en proxecto a realización dunha longametraxe, aínda que eu, a verdade, prefiro que non a haxa. Xa levamos traballado moito. Por exemplo, en 2002, con motivo do Ano Gaudí fíxose unha estrea especial con dous episodios especiais dunha hora de duración, programouse o espectáculo de monicreques “As tres xemelgas e o enigmático señor Gaudí” e editáronse varios CD-Roms. Creo que xa está, que xa chega. Xa non temos máis nada que facer. Pese ao dito, agora vai saír unha serie nova que vén de comezar a realizarse na produtora titulada *As xemelgas bebés* que é para nenos e nenas moi pequenos. Está protagonizada por tres bebés que me parece que nin sequera falarán, só farán rúidos. Xa sabedes, se vedes xemelgas é isto que vos estou dicindo.

271

Marta Neira Rodríguez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades